



## BANDO

### RECOLLIDA DE PLÁSTICOS AGRÍCOLAS

**Don Rubén García Freije, Alcalde-Presidente do Concello de Trabada,  
FAI SABER:**

Que o día **6 de maio de 2024** pasaremos a recoller os plásticos de procedencia agrícola.

Para a prestación deste servizo utilizarase un camión que pasará por aquelas explotacións agrícolas que demanden este servizo ben chamando ao **número de teléfono do Concello: 982.135.011** ou de **forma presencial nas oficinas municipais, antes do día 3 de maio.**

Para facilitar a súa recollida:

1. Os plásticos deberán ser depositados en puntos de fácil acceso para o camión.
2. Deberán estar apartados do tendido eléctrico e das árbores que estorben á pluma para a súa carga.
3. Deberán estar debidamente pregados e atados para facilitar a súa recollida.
4. Non deben levar arames nin terra ou area polo medio.

Agradecendo de antemán a colaboración de tódolos veciños nestas indicacións.

**En Trabada, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde na data que figura na marxe.**

